



CONSELLOS ESCOLARES

GUIA DE CORES:

PRIMARIA

SECUNDARIA

CPI

CONSERVATORIOS elementais e profesionais de música e danza

CUESTIÓN IMPORTANTE

I - NORMATIVA

Normativa estatal . CE - LOE.....	2
Normativa estatal – Lei de réxime xurídico do sector público.....	5
Normativa galega	9
Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público Autonómico de Galicia, (LOFAXGA- Sección 3ª, artigos 14 a 21.....	9
Primaria – Decreto 374/1996.....	14
Secundaria – Decreto 324/1996	17
CPI – Decreto 7/1999	20
Conservatorios de grao elemental e profesional – Decreto 223/2010	22

II – COMPETENCIAS DOS CONSELLOS ESCOLARES

Competencias actuais dos Consellos escolares, normativa xeral	26
Competencias consellos escolares, normativa galega.....	28

III – CUESTIÓN ESPECÍFICAS

Procedemento de elección nos consellos escolares – Decreto 92/1988.....	30
Disposicións particulares para elección das representantes das familias	31
Procedemento de selección / renovación / substitución da representante da ANPA	33
Cesamento dos membros do Consello Escolar	35
Quen elixe á representante da ANPA no consello escolar	36
Funcionamento dun Consello Escolar	39
Periodicidade das reunións	
Convocatorias e documentación necesaria para as reunións	39
Quorum esixíbel e acordos	40
Actas.....	41
Confidencialidade.....	42

IV – COMISIÓNS DENTRO DOS CONSELLOS ESCOLARES

Comisión económica	43
Comisión de convivencia	44
Outras comisións.....	46
Referencia a distintas normativas.....	46



I – NORMATIVA

CONSELLOS ESCOLARES DE CENTROS DE ENSINO

NORMATIVA ESTATAL:

Constitución española. Art. 27.7

“Os profesores, os pais e, no seu caso os alumnos intervirán no control e xestión de todos os centros sostidos pola Administración con fondos públicos, nos termos que a lei estableza”

L.Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (CONSOLIDADA COA LOMLOE)

Artigo 119. Participación no funcionamento e o goberno dos centros públicos e privados concertados.

1. *As administracións educativas garantirán a participación activa da comunidade educativa nas cuestións relevantes da organización, o goberno, o funcionamento e a avaliación dos centros, fomentando dita participación especialmente no caso do alumnado, como parte do seu proceso de formación.*

2. *A comunidade educativa participará no goberno dos centros a través do seu Consello Escolar. O profesorado participará tamén na toma de decisións pedagóxicas que correspondan ao Claustro, aos órganos de coordinación docente e aos equipos de profesorado que impartan aulas no mesmo curso ou ciclo..*

3. *Corresponde ás administracións educativas favorecer a participación do alumnado no funcionamento dos centros, a través dos seus delegados de grupo e curso, así como dos seus representantes no consello escolar.*

4. *Os pais e os alumnos e alumnas poderán participar tamén no funcionamento dos centros a través das súas asociacións. As administracións educativas favorecerán a información e a formación dirixida a eles.*

5. *Os centros terán polo menos os seguintes órganos colexiados do goberno: Consello Escolar e Claustro do profesorado. **Na composición do Consello Escolar promoverase a presenza equilibrada de mulleres e homes.***



Artigo 126. Composición do consello escolar.

1. O consello escolar dos centros públicos estará composto polos seguintes membros:

- a) O director do centro, que será o seu presidente.
- b) O xefe de estudos.
- c) Un concelleiro ou representante do concello en cuxo termo municipal estea radicado o centro.
- d) Un número de profesores e profesoras que non poderá ser inferior a un terzo do total dos compoñentes do Consello, elixidos polo Claustro e en representación do mesmo.
- e) Un número de pais e de alumnos, elixidos respectivamente por e entre eles, que non poderá ser inferior a un terzo do total dos compoñentes do consello.
- f) Un representante do persoal de administración e servizos do centro.
- g) O secretario do centro, que actuará como secretario do consello, con voz e sen voto.

2. Unha vez constituído o consello escolar do centro, este designará unha persoa que impulse medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.

3. **Un dos representantes dos pais no consello escolar será designado pola asociación de pais máis representativa do centro, de acordo co procedemento que establezan as administracións educativas.**

4. Correspóndelles ás administracións educativas regular as condicións polas cales os centros que impartan as ensinanzas de formación profesional ou artes plásticas e deseño poidan incorporar ao seu consello escolar un representante proposto polas organizacións empresariais ou institucións laborais presentes no ámbito de acción do centro.

5. O alumnado poderá ser elixido membro do consello escolar a partir do primeiro curso da educación secundaria obrigatoria. Porén, os alumnos dos dous primeiros cursos da educación secundaria obrigatoria non poderán participar na selección ou o cesamento de quen exerza a dirección. O alumnado de educación primaria participará no consello escolar do centro nos termos que establezan as administracións educativas.

6. Correspóndelles ás administracións educativas determinar o número total de membros do consello escolar e regular o proceso de elección.

7. Nos centros específicos de educación infantil, nos incompletos de educación primaria, nos de educación secundaria con menos de oito unidades, en centros de educación permanente de persoas adultas e de educación especial, nos cales se impartan ensinanzas artísticas profesionais, de idiomas ou deportivas, así como naquelas unidades ou centros de características singulares, a Administración educativa competente adaptará o disposto neste artigo á súa singularidade.

8. Nos centros específicos de educación especial e naqueles que teñan unidades de educación especial formará parte tamén do consello escolar un representante do persoal de atención educativa complementaria.

9- Sen prexuízo das competencias do Claustro de profesorado, en relación coa planificación e organización docente, **as decisións que adopte o Consello Escolar deberán aprobarse preferibelmente por consenso**. Para os casos nos que non resulte posíbel acadar dito consenso, as Administracións educativas regularás as maiorías necesarias para a adopción das decisións polo Consello Escolar, á vez que determinarán a necesidade de aprobación por maioría cualificada daquelas decisións con especial incidencia na comunidade educativa.

Artigo 127. Competencias do consello escolar.

Falarase máis adiante (páxina 20), establecendo as diferenzas entre o establecido na LOE, consolidada coa LOMLOE, e a normativa galega aínda non actualizada na data de elaboración deste traballo (28/02/2021)



Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público.

Sección 3.ª Órganos colexiados das distintas administracións públicas

Subsección 1.ª Funcionamento

Artigo 15. Réxime.

1. O réxime xurídico dos órganos colexiados axustarase ás normas contidas na presente sección, sen prexuízo das peculiaridades organizativas das administracións públicas en que se integran.

*2. Os órganos colexiados das distintas administracións públicas en que participen organizacións representativas de intereses sociais, así como aqueles compostos por representacións de distintas administracións públicas, contén ou non con participación de organizacións representativas de intereses sociais, **poderán establecer ou completar as súas propias normas de funcionamento.***

Os órganos colexiados a que se refire este número quedarán integrados na Administración pública que corresponda, aínda que sen participaren na estrutura xerárquica desta, salvo que así o establezan as súas normas de creación, se deduza das súas funcións ou da propia natureza do órgano colexiado.

3. O acordo de creación e as normas de funcionamento dos órganos colexiados que diten resolucións que teñan efectos xurídicos fronte a terceiros deberán ser publicados no boletín ou diario oficial da Administración pública en que se integran. Adicionalmente, as administracións poderán publicalos noutros medios de difusión que garantan o seu coñecemento.

Cando se trate dun dos órganos colexiados a que se refire o número 2 deste artigo, a citada publicidade será realizada pola Administración a quen corresponda a presidencia.



Artigo 16. Secretario.

- 1. Os órganos colexiados terán un secretario, que poderá ser un membro do propio órgano ou unha persoa ao servizo da Administración pública correspondente.*
- 2. Corresponderá ao secretario velar pola legalidade formal e material das actuacións do órgano colexiado, certificar as súas actuacións e garantir que os procedementos e regras de constitución e adopción de acordos son respectadas.*
- 3. En caso de que o secretario non membro sexa suplido por un membro do órgano colexiado, este conservará todos os seus dereitos como tal.*

Artigo 17. Convocatorias e sesións.

- 1. Todos os órganos colexiados poderán constituírse, convocarse, celebrar as súas sesións, adoptar acordos e remitir actas tanto de forma presencial como a distancia, salvo que o seu regulamento interno recolla expresa e excepcionalmente o contrario.*

Nas sesións que celebren os órganos colexiados a distancia, os seus membros poderán encontrarse en distintos lugares sempre que se asegure por medios electrónicos, considerándose tamén tales os telefónicos e audiovisuais, a identidade dos membros ou persoas que os suplan, o contido das súas manifestacións, o momento en que estas se producen, así como a interactividade e intercomunicación entre eles en tempo real e a dispoñibilidade dos medios durante a sesión. Entre outros, consideraranse incluídos entre os medios electrónicos válidos o correo electrónico, as audioconferencias e as videoconferencias.

- 2. Para a válida constitución do órgano, para efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a asistencia, presencial ou a distancia, do presidente e secretario ou, se for o caso, dos que os suplan, e a da metade, polo menos, dos seus membros.*

Cando se trate dos órganos colexiados a que se refire o artigo 15.2, o presidente poderá considerar validamente constituído o órgano, para efectos de celebración de sesión, se asisten os representantes das administracións públicas e das organizacións representativas de intereses sociais membros do órgano aos cales se atribúese a condición de portavoces.

Cando estiveren reunidos, de maneira presencial ou a distancia, o secretario e todos os membros do órgano colexiado ou, se for o caso, as persoas que os suplan, poderanse constituír validamente como órgano colexiado para a celebración de sesións, deliberacións e adopción de acordos sen necesidade de convocatoria previa, cando así o decidan todos os seus membros.

3. Os órganos colexiados poderán establecer o réxime propio de convocatorias, se este non está previsto polas súas normas de funcionamento. Tal réxime poderá prever unha segunda convocatoria e especificar para esta o número de membros necesarios para constituír validamente o órgano.

Salvo que non resulte posible, as convocatorias serán remitidas aos membros do órgano colexiado a través de medios electrónicos, facendo constar nelas a orde do día xunto coa documentación necesaria para a súa deliberación cando for posible, as condicións en que se vai celebrar a sesión, o sistema de conexión e, se for o caso, os lugares en que estean dispoñibles os medios técnicos necesarios para asistir e participar na reunión.

4. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que asistan todos os membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

5. Os acordos serán adoptados por maioría de votos. Cando se asista a distancia, os acordos entenderanse adoptados no lugar onde teña a sede o órgano colexiado e, na súa falta, onde estea situada a presidencia.

6. Cando os membros do órgano voten en contra ou se absteñan, quedarán exentos da responsabilidade que, se for o caso, poida derivar dos acordos.

7. Os que acrediten a titularidade dun interese lexítimo poderán dirixirse ao secretario dun órgano colexiado para que lles sexa expedida certificación dos seus acordos. A certificación será expedida por medios electrónicos, salvo que o interesado manifeste expresamente o contrario e non teña obriga de se relacionar coas administracións por esta vía.

Artigo 18. Actas.

1. De cada sesión que celebre o órgano Colexiado o secretario levantará acta, que especificará necesariamente os asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias de lugar e tempo en que se celebrou, os puntos principais das deliberacións e o contido dos acordos adoptados.

Poderanse **gravar** as sesións que celebre o órgano Colexiado. O ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación expedida polo secretario da súa autenticidade e integridade, e cantos documentos en soporte electrónico se utilizasen como documentos da sesión, poderán acompañar a acta das sesións, sen necesidade de facer constar nela os puntos principais das deliberacións.

2. A acta de cada sesión poderase aprobar na mesma reunión ou na inmediata seguinte. O secretario elaborará a acta co visto e prace do presidente e remitiráa a través de medios electrónicos aos membros do órgano Colexiado, que poderán manifestar polos mesmos medios a súa conformidade ou reparos ao texto, para efectos da súa aprobación, e, en caso afirmativo, considerarase aprobada na mesma reunión.

Cando se optase pola gravación das sesións celebradas ou pola utilización de documentos en soporte electrónico, deberanse conservar de forma que se garanta a integridade e autenticidade dos ficheiros electrónicos correspondentes e o acceso a eles por parte dos membros do órgano Colexiado.

Artigo 19.3. in fine:

Os membros dun órgano Colexiado non poderán atribuírse as funcións de representación recoñecidas a este, agás de que expresamente se lles outorgasen por unha norma ou por acordo validamente adoptado, para caso concreto, polo propio órgano.

Nos casos de ausencia ou de enfermidade e, en xeral, cando concorra algunha causa xustificada, os membros titulares do órgano Colexiado serán substituídos polos seus suplentes, se os houber.

Cando se trata de órganos Colexiados aos que se refire o artigo 15 as organizacións representativas de intereses sociais poderán substituír aos seus membros titulares por outros, acreditándoo diante da Secretaría do órgano Colexio, respectando as reservas e limitacións que establezan as súas normas de organización.



NORMATIVA GALEGA

Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Sección 3ª : Órganos colexiados.

Artigo 14º.-Réxime xurídico.

1. Os órganos colexiados réxense pola lexislación básica sobre réxime xurídico das administracións públicas, pola lexislación específica aplicable, polas normas contidas nesta sección e polos seus regulamentos de réxime interior.

2. Os órganos colexiados das distintas administracións públicas nos que participen organizacións representativas de intereses sociais, así como aqueles compostos por representacións de distintas administracións públicas, contén ou non con participación de organizacións representativas de intereses sociais, poderán establecer ou completar as súas propias normas de funcionamento.

Os órganos colexiados aos que se refire este punto quedarán integrados na Administración pública que corresponda, aínda que sen participar na estrutura xerárquica desta, agás que así o establezan as súas normas de creación ou se desprenda das súas funcións ou da propia natureza do órgano colexiado.

3. As normas contidas nesta sección non lle serán aplicables ao Consello da Xunta nin ás súas comisións delegadas.

Artigo 15º.-Requisitos de creación.

A constitución dun órgano colexiado terá como presuposto indispensable a determinación dos seguintes aspectos na súa norma de creación:

- a) Os seus fins e obxectivos.
- b) A súa integración administrativa ou dependencia xerárquica.
- c) A composición e os criterios para a designación da persoa titular da súa presidencia e dos restantes membros.
- d) As funcións de decisión, proposta, asesoramento, seguimento e control, así como calquera outra que se lle atribúa.
- e) A dotación dos créditos necesarios, de ser o caso, para o seu funcionamento.



Artigo 16º.-Presidencia.

1. En cada órgano Colexiado correspóndelle á presidenta ou ao presidente:

- a) Desempeñar a representación do órgano.
- b) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e a fixación da orde do día, tendo en conta, de ser o caso, as peticións dos demais membros formuladas coa suficiente antelación.
- c) Presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.
- d) Dirimir co seu voto os empates, para os efectos de adoptar acordos, agás se se trata dos órganos Colexiados nos que participen organizacións representativas de intereses sociais, así como daqueles compostos por representacións da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e doutras administracións públicas, contén ou non con participación de organizacións representativas de intereses sociais, nos que o voto será dirimente de establecérenos así as súas propias normas.
- e) Asegurar o cumprimento das leis.
- f) Visar as actas e certificacións dos acordos do órgano.
- g) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de presidente do órgano.

2. A persoa que exerza a presidencia sempre terá a condición de membro do órgano Colexiado.

3. Nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, o presidente será substituído polo vicepresidente, se o houber, e, de faltar este, polo membro do órgano Colexiado de maior xerarquía, antigüidade ou idade, por esta orde, de entre os seus compoñentes.

Esta norma non lles será aplicable aos órganos Colexiados nos que participen organizacións representativas de intereses sociais, nin tampouco a aqueles compostos por representacións da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e doutras administracións públicas, contén ou non con participación de organizacións representativas de intereses sociais, nos que o réxime de substitución do presidente debe estar especificamente regulado en cada caso, ou establecido expresamente por acordo do pleno do órgano Colexiado.

Artigo 17º.-Membros.

1. En cada órgano Colexiado correspóndelles aos seus membros:

- a) **Recibir, cunha antelación mínima de corenta e oito horas, a convocatoria que conteña a orde do día das reunións. A información sobre os temas que figuren na orde do día estará á disposición dos membros coa antelación referida.**
- b) Participar nos debates das sesións.



- c) Exercer o seu dereito ao voto e formular o seu voto particular, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.
- d) Non absterse nas votacións aqueles que pola súa calidade de autoridades ou persoal ao servizo das administracións públicas teñan a condición de membros de órganos colexiados.
- e) Formular rogos e preguntas.
- f) Obter a información precisa para cumprir as funcións asignadas.
- g) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición.

2. Os membros dun órgano colexiado non poderán atribuírse as funcións de representación recoñecidas a este, salvo que expresamente lles fosen outorgadas por unha norma ou por acordo validamente adoptado, para cada caso concreto, polo propio órgano.

3. En caso de ausencia ou de enfermidade e, en xeral, cando concorra algunha causa xustificada, os membros titulares do órgano colexiado serán substituídos polos seus suplentes, se os houber.

4. Cando se trate de órganos colexiados nos que participen organizacións representativas de intereses sociais, así como daqueles compostos por representacións da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e outras administracións públicas, contén ou non con participación de organizacións representativas de intereses sociais, estas poderán substituír os seus membros titulares por outros, acreditándoo ante a secretaría do órgano colexiado, respectando as reservas e limitacións que establezan as súas normas de organización.

Artigo 18º.-Secretaría.

1. Os órganos colexiados terán unha secretaria ou un secretario, que poderá ser un membro do propio órgano ou un empregado público ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou da entidade pública na que se integre o órgano do que se trate.

2. A designación e o cesamento, así como a substitución temporal da persoa que exerza a secretaría en supostos de vacante, ausencia ou enfermidade, realizaranse segundo o disposto nas normas específicas de cada órgano e, no caso da súa falta, por acordo deste.

3. Correspóndelle á secretaria ou ao secretario do órgano colexiado:

- a) Asistir ás reunións, con voz pero sen voto se non é membro do órgano e con voz e voto se é membro del.
- b) Efectuar a convocatoria das sesións do órgano por orde da súa presidencia, así como as citacións aos seus membros.
- c) Recibir os actos de comunicación dos membros do órgano e, polo tanto, as notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos dos que deba ter coñecemento.



- d) Preparar o despacho dos asuntos e redactar e autorizar as actas das sesións.
- e) Expedir certificacións das consultas, ditames e acordos aprobados.
- f) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de secretaria ou secretario.

Artigo 19º.-Convocatorias e sesións.

1. Para a válida constitución do órgano, para os efectos da realización de sesións, das deliberacións e da toma de acordos, requirirase a presenza do presidente e do secretario ou, de ser o caso, daqueles que os substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros, agás o disposto no punto 2 deste artigo.

Cando se trate dos órganos colexiados nos que participen entidades representativas de intereses sociais, así como daqueles compostos por representacións da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e doutras administracións públicas, contén ou non con participación de organizacións representativas de intereses sociais, o presidente poderá considerar validamente constituído o órgano, para os efectos da realización de sesións, de estaren presentes os representantes das administracións públicas e das organizacións representativas de intereses sociais membros do órgano aos cales se lles atribúese a condición de voceiros.

2. Os órganos colexiados poderán establecer o réxime propio de convocatorias, se este non está previsto polas súas normas de funcionamento. Tal réxime poderá prever unha segunda convocatoria e especificar para esta o número de membros necesarios para constituír validamente o órgano.

3. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, agás que estean presentes todos os membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

4. Os acordos serán adoptados por maioría simple de votos, agás que as súas normas específicas prevexan outras maiorías.

5. Quen acredite a titularidade dun interese lexítimo poderá dirixirse ao secretario dun órgano colexiado para que lle sexa expedida certificación dos seus acordos.

Artigo 20º.-Actas.

1. De cada sesión que realice o órgano colexiado o secretario levantará a acta, que especificará necesariamente os asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias do lugar e tempo nas que se realizou, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados.

2. Na acta figurará, por solicitude dos respectivos membros do órgano, o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que a xustifiquen ou o sentido do seu voto

favorable. Así mesmo, calquera membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que se refira a algún dos puntos da orde do día e achegue no acto, ou no prazo que sinala o presidente, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, e farase constar así na acta ou uniráselle copia a esta.

3. Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito no prazo de corenta e oito horas contado desde o momento no que o presidente dea por finalizada a sesión, que se lle incorporará ao texto aprobado.

4. Cando os membros do órgano voten en contra ou se absteñan, quedarán exentos da responsabilidade que, de ser o caso, poida derivar dos acordos.

5. As actas aprobaranse na mesma ou na seguinte sesión; **no entanto, o secretario poderá emitir certificación sobre os acordos específicos que se adoptasen, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta.**

Nas certificacións de acordos adoptados emitidas con anterioridade á aprobación da acta farase constar expresamente tal circunstancia.

Artigo 21º. Uso de medios electrónicos.

1. Os órganos colexiados desenvolverán a súa actividade nunha contorna dixital. A constitución dos ditos órganos colexiados así como as comunicacións e a adopción de acordos realizaranse preferentemente por medios electrónicos, segundo o establecido na normativa básica sobre os órganos colexiados contida na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

2. De acordo co artigo 17.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, **salvo que non resulte posible, as convocatorias serán remitidas aos membros do órgano colexiado a través de medios electrónicos nos termos previstos no dito precepto.**

3. Os órganos colexiados poderán realizar sesións mediante videoconferencia ou outros medios electrónicos válidos para estes efectos consonte o previsto no artigo 17.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

4. As actas das sesións dos órganos colexiados e os certificados dos acordos constarán en documentos asinados electronicamente polas persoas que teñan a secretaría, a presidencia, ou ambas as dúas, segundo corresponda, e quedarán arquivadas electronicamente no Arquivo electrónico administrativo da Xunta de Galicia, con todas as garantías adecuadas para a súa autenticidade e conservación. Para a sinatura electrónica utilizaranse os sistemas previstos no artigo 73 da Lei reguladora da administración dixital de Galicia.



Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitarios

Parcialmente derogado, agora só fala do procedemento de elección dos membros dos Consellos Escolares.

Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

Capítulo III - Órganos colexiados de goberno, composición e atribucións deles.

O consello escolar

Art. 36: O consello escolar do centro é o órgano a través do cal participan na súa xestión os distintos membros da comunidade escolar.

Art. 37: O consello escolar das escolas de educación infantil e colexios de educación primaria estará composto polos seguintes membros:

1. Centros de oito, ou máis unidades.

- a. O director, que será o seu presidente.*
- b. O xefe de estudos*
- c. Un concelleiro ou representante do concello do municipio no que estea situado o centro.*
- d. Un representante do persoal de administración e servizos.*
- e. Cinco mestres elixidos polo claustro.*
- f. **Cinco representantes dos pais de alumnos.***
- g. O secretario do centro, que actuará como secretario do consello, con voz pero sen voto.*

2. Centros de seis ou sete unidades.

- O director, que será o seu presidente.*
- Un concelleiro ou representante do concello do municipio no que estea situado o centro.*
- Tres mestres elixidos polo claustro.*
- Tres representantes dos pais de alumnos.*
- O secretario do centro, que actuará como secretario do consello, con voz pero sen voto*

3. Centros de tres, catro ou cinco unidades.

- O director, que será o seu presidente.*
- Un concelleiro ou representante do concello do municipio no que estea situado o centro.*
- Dous mestres elixidos polo claustro. Un deles, designado polo director, actuará como secretario, con voz e voto no consello.*
- Dous representantes dos pais de alumnos.*

4. Centros dunha ou dúas unidades.

O consello escolar estará integrado polos profesores, un pai e un representante do concello.

Será presidido polo profesor que ten encomendadas as funcións correspondentes ós órganos de goberno unipersoais.

Nota: neste caso, ao haber unha única nai/pai representante no consello escolar non será designada pola anpa, senón elixida por votación entre as nais, pais, titoras e titores do centro escolar.

Art. 38:

No caso de colexios rurais agrupados que pertencen a varios concellos, cada ano académico terá a representación municipal un dos concellos de xeito rotativo. O representante municipal estará obrigado a informar a tódolos concellos dos asuntos tratados e das decisións adoptadas polo consello escolar.

Artigo 39

1. Dos representantes que lles corresponden ós pais no consello escolar un será proposto pola asociación de pais máis representativa, os outros serán elixidos por votación ante a mesa electoral polos pais, nais ou titores de acordo co procedemento establecido no Decreto 92/1988, do 28 de abril.

A xunta electoral solicitaralle, cando proceda, á asociación de pais de alumnos do centro, legalmente constituída, que teña maior número de asociados por proposta dun representante para o consello escolar, dando un prazo de 10 días para o efecto.

2. No caso de non existir proposta da asociación de pais de alumnos para ocupa-la praza que lle corresponde á mesma, esa vacante cubrirase conxuntamente e co mesmo procedemento que os outros representantes dos pais. Para efectos de futura renovación parcial, asignarase a praza correspondente á proposta da asociación de pais de alumnos ó candidato máis votado.

Artigo 40

Cando deban ser elixidos tódolos membros e cando se constitúa o consello escolar dos centros de nova creación, cada elector fará constar na súa papeleta un máximo dun, dous, tres ou catro nomes segundo corresponda elixir menos de tres, tres, catro ou máis de catro representantes respectivamente.

Artigo 41

Establece como se renovan os representantes electos. Falarémolo máis adiante.

Artigo 42

Nos centros de educación de adultos, de educación especial e colexios rurais agrupados, así como naquelas unidades ou centros de características singulares, a Consellaría de Educación poderá adapta-lo disposto nos artigos anteriores ás características deles.

Artigo 43

Fala das atribucións do Consello Escolar. Falarémolo máis adiante.

Artigo 44

No seo do consello escolar existirá unha comisión económica, integrada polo director, un mestre, un pai de alumno e o secretario, de existir este no centro. Así mesmo, poderán constituírse outras comisións para asuntos específicas, nas que estarán presentes, polo menos, un mestre e un pai de alumno.

Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.

Artigo 5°

A participación do alumnado, pais, nais ou titores legais, profesorado, persoal de administración e servizos e representante do concello na xestión dos centros realizarase a través do Consello Escolar, sen prexuízo das funcións propias do claustro de profesores, consonte o previsto na Lei orgánica 9/1995, do 20 de novembro, da participación, avaliación e goberno dos centros públicos e neste Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.

Artigo 6°

1. Os órganos de goberno velarán pola efectiva realización dos fins da educación, pola mellora da calidade do ensino e a configuración dun auténtico ensino galego, con total respecto ós principios e valores a Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia.

2. Ademais, no ámbito da súa competencia, garantirán o exercicio dos dereitos recoñecidos ó alumnado, profesorado, pais e nais de alumnos e persoal da administración e servizos. Así mesmo, favorecerán a participación efectiva de tódolos membros da comunidade educativa na vida do centro, na súa xestión e avaliación.

Artigo 36°

O Consello Escolar do centro é o órgano a través do cal participan na súa xestión os distintos membros da comunidade escolar.

Artigo 37°

O Consello Escolar dos institutos de educación secundaria que teñan oito, ou máis, unidades estará composto polos seguintes membros:

- a) O director ou directora, que será o seu presidente.*
- b) O xefe ou xefa de estudos, e, de se-lo caso, o xefe ou xefa de estudos de nocturno.*
- c) Un concelleiro ou representante do concello do municipio no que estea situado o instituto.*
- d) Sete profesores elixidos polo claustro.*
- e) **Tres representantes dos pais ou nais de alumnos.***
- f) Catro representantes do alumnado.*
- g) Un representante do persoal de administración e servizos.*

h) O secretario ou secretaria ou, se é o caso, o administrador ou administradora do instituto, que actuará como secretario do consello, con voz, pero sen voto.

Artigo 38°

1. Dos representantes que lles corresponden ós pais e nais no Consello Escolar un será proposto pola asociación de pais máis representativa, os outros serán elixidos por votación ante a mesa electoral polo pai e a nai ou titores legais de acordo co procedemento establecido no Decreto 92/1988, do 28 de abril.

2. A xunta electoral solicitaralle, cando proceda, á asociación de pais de alumnos do centro, legalmente constituída, que teña maior número de asociados a proposta dun representante para o Consello Escolar, dando un prazo de 10 días para o efecto.

3. De non existir proposta da asociación de pais de alumnos para ocupa-la praza que lle corresponde, esa vacante cubrirase conxuntamente e co mesmo procedemento cós outros representantes dos pais. Para os efectos de futura renovación parcial, asignaráselle a praza correspondente por proposta da asociación de pais de alumnos ó candidato máis votado.

Artigo 39°

Para a constitución do Consello Escolar dos centros de nova creación, e sempre que deban ser elixidos tódolos membros, cada elector fará constar na súa papeleta un máximo dun, dous, tres, catro ou cinco nomes segundo corresponda elixir menos de tres, tres, catro, cinco ou máis de cinco representantes respectivamente.

Artigo 40

Establece como se renovan os representantes electos. Falarémolo máis adiante.

Artigo 41 e 42

Fala da representación empresarial ou laboral en centros de FP

Artigo 43

Fala da posible adaptación destas instrucións a centros con menos de 7 unidades

Artigo 44

Fala das atribucións do Consello Escolar. Falarémolo máis adiante.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.gal
<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>
Tel 610 616 968 - 600 699 293

Artigo 45°

- 1. No seo do Consello Escolar do instituto, existirá unha comisión económica, integrada polo director ou directora, o secretario ou secretaria, ou, se é o caso, o administrador ou administradora, un profesor ou profesora, un alumno ou alumna e un pai ou nai de alumno, elixidos por cada un dos sectores.*
- 2. Poderán constituírse outras comisións para asuntos específicos, nas que estarán presentes, cando menos, un profesor ou profesora, un alumno ou alumna e un pai ou nai de alumno. En todo caso as comisións informarán o Consello Escolar sobre os temas que se lles encomenden e colaborarán con el nas cuestións da súa competencia.*

Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias (CPI).

No Anexo deste Decreto regúlase o Regulamento Orgánico dos CPI, e no seu artigo 9 regúlase o Consello Escolar.

2. Composición:

- a) *Nos CPI de oito ou máis unidades (computándose as unidades de educación infantil) a composición será:*
- O Director, que será o seu presidente.*
 - O xefe de estudos de educación primaria.*
 - O xefe de estudos de educación secundaria*
 - O xefe de estudos de educación de adultos, se é o caso.*
 - Un concelleiro ou representante do Concello.*
 - 6 profesores elixidos polo claustro*
 - 3 representantes dos pais, nais ou titores de alumnos.***
 - 3 representantes dos alumnos.*
 - 1 representante do persoal de administración e servizos.*
 - O secretario ou, se é o caso, o administrador do centro, que actuará como secretario do consello, con voz e sen voto*
- b) *Nos CPI de sete ou menos unidades a Consellaría de educación determinará a composición do Consello Escolar atendendo ás peculiaridades deles (O mesmo que se regula para os IES no seu ROC)*

3. Da representación dos pais, nais ou titores dos alumnos e alumnas: *dos representantes que lles corresponden aos pais, nais ou titores legais ou ordinarios dos alumnos, así como ás persoas ou institucións que ostenten a garda e protección dos menores, no Consello Escolar un deles poderá ser proposto pola asociación de pais de alumnos máis representativa, os outros serán elixidos por votación ante a mesa electoral polo pai e a nai ou titores legais ou ordinarios, así como as persoas ou institucións que ostenten a garda e protección do menor, de acordo co procedemento establecido no Decreto 92/1988, do 28 de abril e neste regulamento.”*

A xunta electoral solicitaralle, cando proceda, á asociación de pais de alumnos do entro legalmente constituída, que teña maior número de asociados a proposta dun representante para o Consello Escolar, dando un prazo de 10 días para o efecto.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.gal
<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>
Tel 610 616 968 - 600 699 293

De non existir proposta da asociación de pais de alumnos máis representativa para ocupar a praza que lle corresponde, pediráselle proposta á asociación seguinte en representatividade (este detalle non se dá no resto da normativa). En caso de que aínda así quede vacante, a praza cubrirase conxuntamente e co mesmo procedemento cós outros representantes dos pais. Para os efectos de futura renovación parcial, asignaráselle a praza correspondente por proposta da asociación de pais de alumnos ó candidato máis votado.

4. Outros representantes: nos centros en que se autorice impartir a formación profesional específica poderase incorporar ó Consello Escolar, con voz pero sen voto, un representante proposto polas organizacións empresariais presentes no ámbito de acción do centro

A partir do punto 5 fálase das atribucións destes Consellos Escolares, o que falaremos máis adiante.

Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 12.- Definición.

1. O consello escolar é o órgano de participación no control e goberno dos conservatorios de música e de danza por parte dos distintos sectores da comunidade educativa.

Artigo 13.- Composición.

1. O consello escolar dos conservatorios terá a seguinte composición:
 - a) A dirección do conservatorio, que exercerá a presidencia.
 - b) A xefatura de estudos do conservatorio.
 - c) Un representante do concello do municipio en que estea situado o conservatorio, que preferentemente estará relacionado co ámbito cultural.
 - d) **Dous representantes de pais e nais ou titores legais.**
 - e) Un representante do persoal de administración e servizos do conservatorio.
 - f) Os representantes do profesorado e do alumnado:
 - a. No suposto de conservatorio con 60 ou máis docentes: o claustro escollerá nove docentes, e o alumnado escollerá sete representantes.
 - b. No suposto de conservatorios de ata 60 docentes: o claustro escollerá sete docentes, e o alumnado escollerá cinco representantes.
 - c. No suposto de conservatorios de ata 20 docentes: o claustro escollerá tres docentes, e o alumnado escollerá dous representantes.
2. Un dos representantes do alumnado será a persoa que presida a xunta de delegados.
3. **Un representante de pais e nais ou titores legais será designado pola asociación máis representativa do conservatorio**
4. Só pode ser elector e elixible do consello escolar o alumnado matriculado nas ensinanzas correspondentes ao grao profesional.
5. Unha vez constituído o consello escolar, este designará unha persoa que impulse medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.
6. O procedemento de elección, constitución, renovación e substitución do consello escolar rexerá polo disposto na normativa establecida para o efecto.



Artigo 14º.-Competencias.

O consello escolar terá as seguintes competencias:

- a) Formular propostas ao equipo directivo para a elaboración dos proxectos educativo e de xestión, da programación xeral anual e das normas de organización e funcionamento, e aprobalos e avalialos sen prexuízo das competencias do claustro en relación coa planificación e organización docente, así como emitir informe sobre a memoria anual do conservatorio.
- b) Aprobar o proxecto de orzamento e a súa execución.
- c) Analizar e avaliar a organización e o funcionamento xeral do conservatorio, especialmente, a evolución do rendemento académico do alumnado, os resultados das avaliacións internas e externas e a xestión da información entre os diferentes sectores da comunidade educativa.
- d) Decidir sobre a admisión do alumnado de acordo coa normativa vixente.
- e) Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no conservatorio, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos.
- f) Coñecer a iniciación e resolución dos expedientes disciplinarios ao alumnado e velar pola súa adecuación á normativa vixente.
- g) Coñecer as candidaturas á dirección e os seus proxectos.
- h) Participar, se é o caso, na selección da dirección de acordo co establecido na normativa de aplicación. Ser informado do nomeamento e cesamento dos membros do equipo directivo e propoñer a revogación motivada da dirección por maioría de dous terzos dos seus membros.
- i) Elaborar propostas e informes por iniciativa propia ou por petición da consellería competente en materia de educación sobre o funcionamento xeral do conservatorio e a mellora da súa calidade.
- j) Establecer os criterios para colaborar, con fins educativos e culturais, coas administracións local e autonómica, centros docentes, e outras entidades públicas e privadas.
- k) Promover a renovación das instalacións e equipamento do conservatorio e velar pola súa conservación.
- l) Promover políticas de igualdade no conservatorio.
- m) Calquera outra que lle sexa atribuída pola consellería competente en materia de educación no ámbito das súas competencias.



Artigo 15º.-Comisións.

1. No seo do consello escolar, constituirase unha comisión económica integrada pola dirección, un docente elixido polo seu sector no consello escolar, a presidencia da xunta de delegados e o secretario ou secretaria.
2. Igualmente, deberase constituír o observatorio da convivencia adaptando a composición establecida no Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar ás características do cadro docente dos conservatorios de música e de danza.
3. Poderán constituírse outras comisións para asuntos específicos nas cales estarán presentes, cando menos, a dirección, un docente e un representante do alumnado. En todo caso, as comisións informarán o consello escolar sobre os temas que se lles encomenden e colaborarán con el nas cuestións da súa competencia.

Artigo 18º.-Constitución e sesións.

1. Os órganos colexiados reuniranse preceptivamente en sesión ordinaria unha vez por trimestre e sempre que os convoque a súa presidencia ou o solicite un terzo, polo menos, dos seus membros. Neste último caso, a Presidencia realizará a convocatoria no prazo máximo de vinte (20) días contados desde o seguinte día a aquel en que se presente a petición. A sesión realizarase como máximo no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da entrega da petición de convocatoria.
En todo caso reuniranse ao inicio e ao remate de curso.
2. Nas reunións ordinarias, a dirección, cunha antelación mínima dunha semana, convocará a sesión e porá á disposición dos membros do órgano colexiado a documentación necesaria para o seu mellor desenvolvemento. Se os asuntos que se vaian tratar así o aconsellan, poderán realizarse convocatorias extraordinarias cunha antelación mínima de corenta e oito horas e sen suxeición a prazo previo nos casos de urxencia.



3. Para a válida constitución dos órganos colexiados de goberno, para a realización das sesións, deliberacións e adopción de acordos, requirirase a presenza da dirección, da secretaría ou, de ser o caso, daqueles que os substitúan, e cando menos da metade dos membros do correspondente órgano colexiado. Se non existise quórum, o órgano constituirase en segunda convocatoria. Neste caso será suficiente a asistencia da terceira parte dos membros e, en todo caso, un número non inferior a tres, sen prexuízo da presenza da dirección e da secretaría ou, de ser o caso, daqueles que os substitúan.
4. A dirección presidirá as sesións, moderará o desenvolvemento dos debates e poderá suspendelas por causas xustificadas.

Artigo 19º.-Acordos e actas.

1. Os acordos adoptaranse por maioría de votos. A consellería competente en materia de educación poderá establecer unha maioría cualificada en determinados supostos.
2. Non poderán ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que no conste na orde do día, a non ser que estean presentes todos os membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.
3. De cada sesión, a secretaría redactará unha acta coas seguintes epígrafes: asistentes, orde do día, lugar e duración da sesión, asuntos principais tratados e acordos adoptados.
4. A Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, será a norma reguladora dos aspectos non tratados especificamente neste regulamento.

II - COMPETENCIAS DOS CONSELLOS ESCOLARES

LO DE EDUCACIÓN - MODIFICADA POLA LOMLOE

ARTIGO 127

EN MAIÚSCULAS E NEGRÍÑA, ESTÁN AS COMPETENCIAS RECUPERADAS POLA LOMLOE

O consello escolar do centro terá as seguintes competencias:

a) **APROBAR E** *Avaliar os proxectos e as normas a que se refire o capítulo II do título V da presente Lei. (proxecto educativo – normas de organización e funcionamento e programación xeral anual)*

b) **APROBAR E** *Avaliar a programación xeral anual do centro, sen prexuízo das competencias do claustro do profesorado, en relación coa planificación e organización docente.*

c) *Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.*

d) *Participar na selección do director do centro, nos termos que a presente lei orgánica establece. Ser informado do nomeamento e cesamento dos demais membros do equipo directivo. Se for o caso, logo de acordo dos seus membros, adoptado por maioría de dous terzos, propor a revogación do nomeamento do director.*

e) **DECIDIR** *sobre a admisión do alumnado, con suxeición ao establecido nesta lei e disposicións que a desenvolvan.*

f) **Impulsar a adopción e seguimento de medidas educativas que fomenten o recoñecemento e protección dos dereitos da infancia**

g) *Propoñer medidas e iniciativas que favorezan os estilos de vida saudábel, a convivencia no centro, a igualdade efectiva de mulleres e homes, a non discriminación, a prevención do acoso escolar e da violencia de xénero e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.*

h) *Coñecer as condutas contrarias á convivencia e a aplicación das medidas educativas, de mediación e correctoras velando porque se axusten á normativa vixente. Cando as medidas*

correctoras adoptadas polo director ou directora correspondan a condutas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia do centro, o Consello Escolar, por instancia dos pais, nais ou titores legais, ou, no seu caso, do alumnado, poderá revisar a decisión adoptada e propor, se for o caso, as medidas oportunas.

*i) Promover progresivamente a conservación e renovación das instalacións e equipo escolar para a mellora da calidade e a sustentabilidade e **APROBAR** a obtención de recursos complementarios, de acordo co establecido no artigo 122.3.*

(NOTA IMPORTANTE: o artigo 122.3 da LOE é claro: “os centros docentes públicos poderá obter recursos complementares, previa aprobación do seu Consello Escolar, nos termos que establezan as Administracións educativas, dentro dos límites que a normativa vixente establece. Estes recursos **non poderán provir das actividades levadas a cabo polas asociacións de pais, nais, e de alumnos e alumnas en cumprimento dos seus fins**, e deberán ser aplicados aos seus gastos, de acordo co que as Administracións educativas establezan)

*j) **FIXAR** as directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, coas administracións locais, con outros centros, entidades e organismos.*

k) Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas en que participe o centro.

l) Elaborar propostas e informes, por iniciativa propia ou por petición da Administración competente, sobre o funcionamento do centro e a mellora da calidade da xestión, así como sobre aqueles outros aspectos relacionados coa súa calidade.

*m) **APROBAR** o proxecto de presuposto do centro*

l) Calquera outra que lle sexa atribuída pola Administración educativa

Competencias do Consello Escolar. Normativa galega.

(En cor márcanse as diferenzas entre primaria (que non ten cor de fondo), secundaria e CPI);

Decreto 374/1996 – RO de primaria – Art. 43

Decreto 324/1996 – RO de secundaria – Art. 44

Decreto 7/1999 – RO dos CPI – Art. 9.5 do Anexo.

- a) Establecer as directrices e elaborar propostas para a elaboración do proxecto educativo do centro, aproballo, avalialo e, se é o caso, introducir modificacións, sen prexuízo das competencias que o claustro de profesores ten atribuídas en relación coa planificación e organización docente.
 - b) Elixir o director ou directora do centro
 - c) Propoñer a revogación do nomeamento do director ou directora, logo de acordo dos seus membros, adoptado por maioría de dous terzos.
 - d) Decidir sobre a admisión de alumnos, con suxeición ó establecido na lexislación vixente.
 - e) Aprobar e modificar o Regulamento de réxime interior do centro.
 - f) Resolver os conflitos e impoñer as correccións con finalidade pedagóxica que correspondan a aquelas conductas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia no centro, de acordo coas normas que estableza a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria, de acordo coa normativa que regulamenta os dereitos e deberes dos alumnos
 - g) Aprobar o proxecto de orzamento do centro e a execución del.
 - h) Aprobar e avaliar a programación xeral anual do centro, respectando, en todo caso, os aspectos docentes que competen ó claustro.
 - i) Aprobar a programación das actividades extraescolares e complementarias e avaliar o seu desenvolvemento.
- A redacción dos CPI é moi diferente: Elaborar as directrices para a programación e desenvolvemento das actividades escolares complementarias e extraescolares, comedor, transporte escolar, visitas e outras actividades, así como a aprobación e avaliación da programación xeral delas.
- l) Establecer as directrices para a participación do centro en actividades culturais, deportivas e recreativas naquelas accións asistenciais nas que o instituto puidese aportar a súa axuda
 - m) Establecer os criterios de colaboración con outros centros, entidades ou organismos.
 - n) Promover a renovación das instalacións e equipamento do centro, e vixiar a súa conservación.

- ñ) Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados da avaliación que do centro realice a Administración educativa.
- o) Colaborar coa inspección educativa nos planos de avaliación de centro, nos termos que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estableza.
- p) Regular o procedemento de autorización das saídas voluntarias entre clase ou en períodos de lecer do alumnado do centro.

O Regulamento dos CPI é moito máis exhaustivo, e aínda continúa con:

- Aprobar e modificar o regulamento de réxime interior do centro.
- Constituír comisións de carácter estable ou temporal.
- Promover as relacións entre os diversos membros da comunidade escolar para conseguir unha relación fluída e fomentar a participación dos sectores e a súa formación.
- Participar activamente nos procesos de autoavaliación e avaliación externa do centro.
- Solicitalle á Administración educativa o asesoramento que considere oportuno.
- Emitir informe sobre a memoria anual de actividades do centro e valorar o seu funcionamento xeral.
- Calquera outra competencia que se sexa atribuída normativamente.

En Galiza, ademais, o Decreto 8/2015 da convivencia engádelle 4 competencias xenéricas máis:

- a) Elixir as persoas representantes da comisión de convivencia, de acordo co establecido no artigo 6.2 deste decreto.
- b) Establecer directrices para a elaboración do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- c) Realizar anualmente o seguimento e a avaliación do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- d) Propor actuacións en relación coa convivencia para todos os sectores da comunidade educativa, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.



III – CUESTIÓNS ESPECÍFICAS

Procedemento de elección nos Consellos Escolares:

Disposicións xerais:

Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitarios

Parcialmente derogado, agora só fala do procedemento de elección dos membros dos Consellos Escolares, a partir do artigo 29

Artigo 29 - *O procedemento realizarase no primeiro trimestre.*

Artigo 30 - *A organización e supervisión estará a cargo da Xunta electoral de cada centro, composta polo director-a, un profesor-a un pai-nai, un alumno-a e un representante dos PAS (agás do director-a escolleranse por sorteo público no que se escollerán tamén membros suplentes).*

Artigo 31 - *As xuntas electorais terán as competencias de:*

- *Aprobar e publicar os censos electorais, con nome e apelidos dos electores.*
- *Concretar o calendario electoral.*
- *Ordenar o proceso electoral.*
- *Admitir e proclamar candidaturas.*
- *Promover a constitución das distintas mesas electorais.*
- *Resolver as reclamación contra as resolucións das mesas.*
- *Proclamar os candidatos elixidos e remitir as actas á Xefatura Territorial.*

Artigo 32 – *Son electores e elixibles todos os membros da comunidade escolar, pero cada quen será candidata-o por un só sector.*

O prazo de admisión de candidatas-os será de 7 días como mínimo; logo farase pública a proclamación que poderá recorrerse perante o xefe territorial.

Artigo 33 – *Na primeira constitución logo dunha renovación parcial, a xunta electoral solicitará ao Concello que designe unha persoa representante.*



Disposicións particulares para a elección dos representantes das familias:

Artigo 38 – *“A representación dos pais no Consello Escolar correspóndelles a estes ou os representantes legais dos alumnos, independentemente do número de fillos escolarizados no centro. O dereito a elixir e ser elixido correspóndelle ó pai e a nai, ou, se é o caso, ós titores legais”*

Artigo 39 – *Elixirase entre as candidatas admitidas e proclamadas, para isto constituirase unha mesa electoral integrada polo director, que será o presidente, e catro pais ou titores designados por sorteo público (entre as non candidatas) das que exercerá a secretaría a persoa de menor idade. Deberase prever o nomeamento de suplentes, designados tamén por sorteo.*

Artigo 40 – *as anpas poderán designar supervisores nas votacións*

Artigo 41 – *O censo electoral deberá exporse no taboleiro de anuncios con 10 días mínimo antes da data electoral, para comprobación e posíbel reclamación.*

Artigo 42 – *O voto será directo, secreto e non delegable. Cada electro, que deberá acreditarse co DNI, fará constar na súa papeleta, un, dous ou tres nomes da lista de candidatos e candidatas, segundo corresponda elixir menos de tres, tres ou máis de tres, respectivamente.*

Artigo 50 – *cada mesa electoral, fará un escrutinio público dos votos, e logo fará unha acta na que se farán constar as representantes e o número de votos conseguidos por cada unha, especificando as elixidas.*

Se hai empate, gañará o de maior antigüidade, e se persiste, haberá sorteo. Os resultados trasladaranse á xunta electoral do centro.

Artigo 51 – *a xunta electoral do centro proclamará os candidatos elixidos, informando á consellaría, diante de quen se poderán interpor os recursos correspondentes.*

Artigo 52 – *No prazo de dez días dende a proclamación dos candidatos electos, constituirase o consello escolar*



Artigo 53 – *Se falta algunha representante dalgún sector, por causa que lle sexa imputable, o consello constituirase igualmente.*

Artigo 54 – *derogado*

Artigo 55 – *Os membros electivos do Consello Escolar renovaranse por metades de xeito alternativo cada dous anos.*

Se hai baixas de conselleiros-as antes de que remate o prazo que lles corresponde, substituíraos o seguinte na listaxe de votos do procedemento electoral último rexistrado; se non houber substitutos-as, quedaría a vacante sen cubrir ata a seguinte renovación parcial.

Así, **en cada renovación parcial cubriranse as seguintes vacantes:**

- *As correspondentes ao vencemento de catro anos.*
- *As que non puideran ter sido cubertas por non haber lista de substitución.*
- *As producidas a partir do mes de setembro anterior a unha renovación parcial. (xa non tirarían de lista de substitución).*
- *As persoas máis votadas cubrirán as vacantes correspondentes á renovación parcial que se está a votar.*
- *As vacantes que non pertencen á renovación parcial que se está escollendo (casos dous e tres) serán cubertas polas seguintes na listaxe, e volverán a renovarse cando lles correspondería de acordo coa súa elección inicial, ou sexa, na seguinte elección parcial.*



Selección/renovación/substitución da representante da ANPA

En toda a normativa fica establecida que a Asociación de Nais e Pais máis representativa do centro escolar terá dereito a un dos postos correspondentes á representación de nais e pais no consello escolar.

Isto aparece así disposto no artigo 39 do Decreto 374/1996 (primaria) , no 38 do Decreto 324/996 (secundaria), no 9.3 do Decreto 7/1999 (CPI) e no 13.3 do Decreto 223/2010 (conservatorios):

Por exemplo, a Orde 22-07-1997, que desenvolve o Decreto 174/1996 (primaria) é moi clara no seu artigo 3.3; por extensión, esta debe ser a interpretación que deamos noutros niveis de ensino, ao non estableceren as súas normativas unha desagregación tan directa:

“...dos representantes que lles corresponde ó sector de pais no consello escolar, un será proposto pola asociación de pais máis representativa.

O criterio para determinar cal é a asociación de pais de alumnos máis representativa dun centro é o maior número de asociados que será acreditado mediante certificación do secretario/a de cada asociación”

Polo tanto:

- 1. Temos dereito preferente a termos unha representación no Consello Escolar do centro.*
- 2. Corresponderanos se somos a ANPA máis representativa, o que se demostra mediante certificación do número de persoas asociadas.*
- 3. Podemos non utilizar ese dereito, entón esa representación acumularase ao número de nais e pais elixidos directamente, EN TANTO NON DECIDAMOS NOMEAR UNHA PERSOA REPRESENTANTE.*
- 4. Poderásenos requirir que nomeemos, ou confirmemos, cal é a nosa representación nas constituicións de Consello Escolar posteriores ás renovacións parciais (facendo nosa a normativa que hai para as representantes municipais no Decreto artigo 33 do 392/1988). Neste caso, non temos máis que responder, polo mesmo medio polo que fomos requiridos (por escrito formal, por mail, por teléfono...), indicando quen vai ser a persoa que nos represente dende ese momento ata que decidamos cambiala.*

5. *Durante todo o tempo que dure a representación, a ANPA poderá modificar, ao seu criterio, á persoa que a vai representar. Só teríamos que comunicalo formalmente para que se entendera que, a partir dese momento, a representación está cambiada.*

*Isto hai que entendelo ben; **non hai ningunha razón pola que non poidamos nomear a unha representante diferente no momento no que a Asociación decida que a persoa que estaba representando os seus intereses no Consello Escolar xa non é a axeitada**, (por dimisión, porque así o acorde a Asemblea, porque se presente ás eleccións ao consello como representante dalgún dos sectores representados, etc). O único que teremos que facer será comunicalo formalmente á presidencia do Consello Escolar (a persoa que leve a dirección do centro), e indicarlle a partir de que momento se incorpora a nova representante, e cal é o xeito de se comunicar con ela.*

Lembremos que este é un problema moi común: a negativa dalgunhas direccións a cambiar a nosa representación porque non pasaron os anos que entenden como correspondentes, ou porque non houbo convocatoria de eleccións. Non ten que haber nin unha cousa nin a outra, a nosa representante non está suxeita a limitación temporal (máis aló da presenza de fillos-as no centro escolar), nin está suxeita aos períodos electorais.

6. *E en canto á substitución ocasional da representante da ANPA nun Consello Escolar ?*

Non podemos nomear unha persoa substituta para o caso de que quen exerza a representación non poida asistir a unha sesión convocada. Pero non hai nada que impida que a ANPA poida variar esa representación cantas veces queira, abondaría con comunicalo formalmente. Con iso conseguiríamos ter unha persoa diferente como representante, pero de xeito permanente, ou sexa, se queremos que volva a participar a representación anterior teríamos que volver a comunicalo coa mesma formalidade.

Por suposto, sempre cumprindo as nosas propias nosas normas de escolla de representación no consello, como falaremos máis adiante.



Cesamento dos membros do Consello Escolar:

Nos decretos de primaria ou secundaria non se establece como cesan os membros do Consello Escolar, pero si o fai no artigo 6 do Decreto 7/1999 que regula os CPI, que di que os membros do Consello Escolar cesarán nas súas funcións:

a) Se son membros electos (de profesorado, PAS, pais-nais e alumnado):

- Por renuncia motivada, que será aceptada polo Consello Escolar.*
- Por deixar de pertencer ó centro ou de reunir a condicións esixidas para a pertenza a el.*
- Polo cumprimento do período de mandato para o que foron elixidos.*

b) Se son membros designados ou propostos (concello-anpa-xunta de delegados)

- Por conclusión do mandato para o que foron designados ou propostos.*
- Por revogación do órgano que o propuxo ou designou. (podemos revogalos en calquera momento, o que quere dicir que tamén podemos nomealos)*

c) Se son membros natos (cargos da directiva do centro escolar):

- Cando cesen no cargo.*



Quen elixe á representante da ANPA no Consello Escolar

Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación:

Art. 7.1: Os Estatutos deberán conter os seguintes extremos:

h) Os órganos de goberno e representación, a súa composición, regras e procedementos para a elección e substitución dos seus membros, as súas atribucións, duración dos cargos, causas do seu cese, xeito de deliberar, adoptar e executar os seus acordos e as persoas ou cargos con facultade para certificalos e requisitos para que os citados órganos queden validamente constituídos.

Art. 11.: Réxime das asociacións:

- 1. O réxime das asociacións, no que se refire á súa constitución e inscrición, determinarase polo establecido na presente Lei Orgánica...*
- 2. En canto ao seu réxime interno, as asociacións axustarán o seu funcionamento ao establecido nos seus propios Estatutos, sempre que non estean en contradición coas normas da presente Lei Orgánica.*
- 3. A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da asociación, integrado polos asociados, que adopta os seus acordos polo principio maioritario ou de democracia interna, e deberá reunirse, polo menos, unha vez ao ano.*
- 4. Existirá un órgano de representación que xestione e represente os intereses da asociación, de acordo coas disposicións e directivas da Asemblea Xeral. Só poderán formar parte do órgano de representación os asociados.*

Art. 12: Se os Estatutos non o dispoñen doutro xeito, o réxime interno das asociacións será o seguinte:

a) As facultades do órgano de representación estenderanse, con carácter xeral, a todos os actos propios das finalidades da asociación, sempre que non requiran, consonte aos Estatutos, autorización expresa da Asemblea Xeral

Real Decreto 1533/1986, do 11 de xullo, polo que se regulan as asociacións de Pais de Alumnos

Art. 7: Os estatutos das asociacións de pais de alumnos deberán conter, polo menos, os seguintes extremos:

d. Composición e funcionamento dos seus órganos de goberno, que en todo caso terán que ser democráticos.



Da normativa anterior extráense as seguintes conclusións:

- 1. As ANPAs deben ter un órgano de representación, que funcionará de acordo coas directivas da Asemblea xeral; comunmente a ese órgano chámasele “Xunta directiva da Asociación”.*
- 2. Ese órgano de representación estará composto por persoas que desempeñarán os cargos que se consideren necesarios; dun xeito ordinario, e como mínimo, é necesario unha persoa que ocupe a presidencia, outra que ocupe a secretaría, e unha terceira que leve a tesouraría; á parte destas persoas, os órganos de representación poden ter a composición que se aprobara nos Estatutos.*
- 3. Os Estatutos da Anpa serán quen indiquen cal é o funcionamento dese órgano de representación.*

Na práctica ordinaria, e sempre salvando as peculiaridades que poidan derivarse dos Estatutos, a representación legal ordinaria da asociación correspóndelle á persoa que exerza a Presidencia da Xunta Directiva.

A representación, xa que logo, ven marcada polos seguintes pasos:

- O que se estableza nos Estatutos da Asociación.*
- Se non se establece nada específico nos Estatutos, o que se derive das competencias que a Xunta Directiva poida ter encomendadas para decidir sobre os diferentes tipos de representación.*
- Se non hai encomenda específica, a representación ordinaria recae na persoa que teña encomendada a Presidencia da Asociación.*



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.gal
<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>
Tel 610 616 968 - 600 699 293

Ata aquí estamos falando de representación xeral, en canto ao representante da ANPA nos consellos escolares, a normativa existente fai sempre referencia a que “dos representantes que lles corresponden aos pais no consello escolar un será proposto pola asociación de pais máis representativa”, non é polo tanto unha circunstancia con normativa específica, haberá que estar ao criterio xeral de representación.

CONCLUSIÓN:

En situacións ordinarias, se non hai previsión estatutaria específica, en cuxo caso habería que estar ao que alí se diga, a representación ordinaria dunha asociación exercea a persoa que desempeña a Presidencia da mesma.

No caso de buscarse unha representación específica diferente á da Presidencia, e sempre que non exista unha previsión estatutaria que indique que esa decisión é competencia da Xunta Directiva, será a Asemblea Xeral quen designe á persoa que vai representar á Asociación para unha circunstancia concreta, e farao logo dunha convocatoria de asemblea xeral extraordinaria realizada ao efecto.



Funcionamento dun Consello Escolar

Normativa de primaria: Decreto 374-1996 (artigos 48 a 52)

Normativa de secundaria: Decreto 324/1996 (artigos 48 a 52)

Normativa dos CPI (Decreto 7/1999) está no artigos 11 e 12.

Normativa dos conservatorios (Decreto 223/2010) está nos artigos 18 e 20

Periodicidade das reunións:

Preceptivamente haberá reunións ordinarias unha vez por trimestre, e sempre que a presidencia decida convocalo, ou se o solicita un terzo -como mínimo- dos seus membros (neste caso a convocatoria farase nun prazo máximo de 20 días e a sesión celebrárase nun prazo máximo dun mes contado a partir do día seguinte ao da entrega da petición de convocatoria).

Convocatorias:

As sesións ordinarias deben convocarse cunha antelación mínima dunha semana en secundaria, CPI e Conservatorios; non hai nada disposto en Primaria, e a Lei de Réxime Xurídico tampouco establece un prazo mínimo.

As sesións extraordinarias poderán ser convocadas cunha antelación mínima de 48 horas, e as de urxencia sen suxeición a ningún prazo.

En primaria hai unha disposición peculiar que di que “as reunións do consello escolar celebráranse en día e hora que posibiliten a asistencia de tódolos membros”. Non está desenvolvido pero haberá que entender que é taxativo, non é un “procurárase”, é unha obriga real.

Documentación necesaria para as reunións :

Nas reunións ordinarias, a dirección remitirá aos membros do Consello Escolar, xunto coa convocatoria, e cunha antelación mínima dunha semana, a documentación necesaria para o mellor desenvolvemento da sesión. En primaria non se fala en absoluto de documentación, e no caso dos conservatorios substitúen “remitirá” por “poñerá a disposición”.

Pero aquí si que está moi clara a Lei 40/2015 “salvo que non resulte posíbel, as convocatorias serán remitidas aos membros do órgano colexiado a través de medios electrónicos, facendo constar nelas a orde do día xunto coa documentación necesaria para a súa deliberación cando for posible”

As dúas referencias á “posibilidade” que fai este artigo hai que entendelas sempre no senso máis literal, non ser posíbel equivale a unha incapacidade física, unha causa de forza maior, para non poder ou convocar (porque non hai contacto electrónico, por exemplo) ou achegar documentación. Non serve apoiarse niso para simplemente dicir que non se puido.

Quorum:

Para a válida constitución deste órgano requírese a presenza da presidencia e da secretaría (ou de ser o caso, quen as substitúa), e tamén a da metade, polo menos dos seus membros (art. 50 – art. 50 - art. 12 – art.18.3).

Se non houbera quorum, a segunda convocatoria será no seguinte día lectivo, no mesmo lugar e hora, e abondará coa presenza da terceira parte dos membros, non sendo nunca menos de tres, e estando sempre a presidencia e a secretaría) . No caso dos conservatorios non hai mención a que teña que ser o seguinte día lectivo, só fala o artigo 18.3 dunha segunda convocatoria, o resto é igual.



Acordos:

Tomaranse por maioría de votos, e non cabe acordo sobre ningún asunto que non conste na orde do día, agás de que estean presentes todos os membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorábel da maioría (Esta redacción concorda co establecido no artigo 17.4 da Lei 40/2015, polo que é perfectamente aplicable a todos os consellos escolares, pero tamén está especificamente no artigo 19.2 do Decreto 223/2010)

Actas:

De cada sesión a secretaría redactará unha acta coas seguintes epígrafes: asistentes, orde do día, lugar e duración da sesión, asuntos principais tratados e acordos adoptados. Esta é a redacción do Decreto 223/2010; en primaria, secundaria e CPI non se fala nada das actas, pero aquí tamén a Lei 40/2015 é moi clara e moi similar ao Decreto dos conservatorios, unha acta debe recoller: asistentes, orde do día, circunstancias de lugar e tempo, puntos principais das deliberacións e acordos adoptados.

*Unha novidade da Lei 40/2015 é a posibilidade de **GRAVAR** as sesións do Consello Escolar, o que substituirá, ao acompañar esa gravación á acta, a obriga de facer constar nesta o detalle do debatido. Tamén crea a posibilidade de aprobar a acta ao final da propia reunión sobre a que se realiza.*

Moi importante: Cando os membros do órgano voten en contra ou se absteñan, quedarán exentos da responsabilidade que, se for o caso, poida derivar dos acordos.

Polo tanto, é moi importante que as actas recollan estes votos contrarios ou as abstencións claramente, e tamén que se indiquen nela as razóns particulares polas que non se apoia unha determinada decisión.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.gal
<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>
Tel 610 616 968 - 600 699 293

CONFIDENCIALIDADE:

Só está no Decreto que regula os órganos colexiados dos CPI, e dio moi claramente:

- *Os membros electos non estarán suxeitos a mandato imperativo (ou sexa, non teñen que dicir e votar o que lles manden), pero si están obrigados a informar aos seus representados das súas actuacións.*
- *Os membros do Consello Escolar teñen o deber de confidencialidade “nos asuntos relacionados con persoas concretas, e que poidan afectar á súa imaxe”.*

Entón: do que se fala no Consello Escolar non só non hai que gardar segredo senón que é obrigatorio informar (no caso dos membros electos) do que se falou, o do sentido do que se votou.

A persoa representante da ANPA ten a obriga de informar tamén, neste caso á xunta directiva da asociación e á asemblea xeral da mesma.

Iso si: sen dar datos nunca de persoas concretas, nin directa nin indirectamente.



III – COMISIÓNS DENTRO DOS CONSELLOS ESCOLARES

Dentro do Consello Escolar poden constituírse diversas comisións, pero hai dúas que son obrigatorias:

- *Comisión económica.*
- *Comisión de convivencia*

COMISIÓN ECONÓMICA:

As competencias desta comisión non están establecidas en ningunha normativa concreta, pero da práctica hai que deducir que o seu traballo consiste en revisar as contas do centro escolar, e revisar en primeira instancia a documentación que as xustifica. Logo darase conta dese traballo ao Consello Escolar. A súa composición é variábel, segundo o tipo de centro:

- **Primaria**, art. 44. Decreto 92/1988. Dirección, unha docente, un pai/nai e a persoa que exerza a secretaría.
- **Secundaria**: art. 45 Decreto 324/1996: dirección, secretaría, unha docente, unha alumna-o e unha nai-pai elixidos por cadanseu sector.
- **CPI**: Art. 9.7. Decreto 7/1999: dirección, secretaría, unha docente, unha alumna-o e unha nai-pai elixidos por cadanseu sector.
- **Conservatorios**: art. 15. Decreto 223/2010: dirección, unha docente elixida polo seu sector, a presidencia da xunta de delegados e a secretaría.

COMISIÓN DE CONVIVENCIA

Aínda que hai varias referencias nas normativas específicas, neste caso temos que basearnos na normativa xeral de convivencia, concretamente no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Artigo 56: *A comisión de convivencia:*

*1. A comisión de convivencia de cada centro constituirase **no seo do seu consello escolar**. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto neste decreto, no plan de convivencia e nas normas de convivencia da cada centro.*

*2. A comisión de convivencia, **na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa**. Estará composta **polas persoas representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos** e, no caso dos centros concertados, tamén por unha persoa representante da titularidade do centro, **todas elas na mesma proporción en que se encontran representadas no consello escolar do centro ou órgano equivalente**. **Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións**. O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia nos centros educativos corresponde ao director ou á directora por proposta dos colectivos representados. Os seus membros poden coincidir cos do consello escolar, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente.*

*3. **O réxime de funcionamento, composición e o desenvolvemento das funcións da comisión de convivencia de cada centro docente concretarase no plan de convivencia, de conformidade co establecido para os órganos colexiados na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e, en todo caso, manterán tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.***

4. A comisión de convivencia exercerá por delegación do consello escolar as seguintes funcións:

a) **Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.**

b) **Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.**

c) **Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.**

d) **Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.**

e) **Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.**

f) **Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.**

g) **Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.**

h) **Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.**

i) **Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.**

5. Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento dos/ as profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do concello onde estea o centro educativo ou doutros ou doutras profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.



COMISIONS VOLUNTARIAS

En todas as normativas establécese que se poderán constituír outras comisións para asuntos específicos, que informarán ao Consello Escolar sobre os temas que se lles encomende e colaborarán con el nas cuestións da súa competencia, no que hai unha certa varianza é na súa composición mínima:

- **Primaria:** unha docente e unha nai-pai
- **Secundaria:** unha docente, unha alumna-o e unha nai-pai.
- **CPI:** unha docente, unha alumna-o, unha nai-pai.
- **Conservatorios:** a dirección, unha docente e unha representante do alumnado.

REFERENCIA A DISTINTAS NORMATIVAS:

Este traballo fai constantes referencias ás diferentes normativas que regulan os Consellos escolares en primaria, secundaria, CPI ou Conservatorios; e faino porque entendemos que as normativas son complementares en todo aquilo que regulen que non constitúa unha especificidade do tipo de centro regulado.

Por exemplo, se os CPI teñen unha normativa de confidencialidade, obviamente esa normativa debe ser aplicábel igualmente aos resto dos centros, porque non é posible entender que os CPI teñan ningunha especialidade nesta materia.

Polo tanto, non é redundante citar as diferentes normativas, faise porque en moitas ocasións unhas aclaran o que as outras non desenvolveron, e todas están feitas para a organización do Ensino Público Galego.